I.E.S. XULIÁN MAGARIÑOS
NEGREIRA (A CORUÑA)

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

Aprobado polo Consello Escolar na Reunión Ordinaria do 28 de xuño de 2001 e actualizado na Reunión Ordinaria do 28 de xuño de 2004.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO DO I.E.S. XULIÁN MAGARIÑOS

O P.E.C. do I.E.S. Xulián Magariños de Negreira (A Coruña) foi aprobado polo Consello Escolar do Centro en reunión ordinaria celebrada o 28 de xuño do ano 2001 e actualizado en reunión ordinaria do 28 de xuño de 2004

Índice:

0. Análise da zona do centro.
1. A organización xeral do centro.
2. Os fins e as intencións educativas do centro de acordo coa identidade propia del.
3. Os obxectivos do centro tendentes a logra-la normalización lingüística.
4. A adecuación ó contexto do centro dos obxectivos xerais das etapas que se imparten.
5. O Regulamento de Réxime Interior do Centro.
6. A oferta do centro en canto a itinerarios educativos, actividades, servicios e materias optativas.
7. As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.
8. As formas de colaboración e intercambio cultural cos servicios sociais e educativos do concello e outras institucións.

Negreira, xuño do 2004

0.- ANÁLISE DA ZONA DO CENTRO

Características xeográficas

Poboación:

Negreira é un concello da provincia da Coruña a tan só 20 Km. da capitalidade de Galicia – Santiago de Compostela-, que ten 115 Km² e 6.767 habitantes, distribuídos nas parroquias de Albite, Aro, Arzón, Broño, Bugallido, Campelo, Campolongo, Covas, Gonte, Landeira, Liñaio, Logrosa, Lueiro, Negreira, A Pena, Portor, Xallas e Zas.

O conxunto da comarca de Barcala (Negreira e A Baña) suma 12.543 habitantes.

A situación demográfica de Negreira non é optimista, coma no conxunto de Galicia. O crecemento natural non é o suficientemente importante como para xerar unha satisfactoria rexeneración demográfica. O avellamento poboacional é cada vez maior. Amais, hai que aludir á emigración de xente moza cara a núcleos urbanos nos que a oferta de traballo é de maior especialización e diversidade.

O cese do despoboamento rural e o futuro crecemento demográfico de Negreira dependerá máis da emigración de retorno e da contraurbanización que da vitalidade natural dunha poboación avellentada, incapaz de substituír con nacementos ás persoas que falecen.

Outra característica reseñable é o cativo proceso de urbanización da poboación, que a penas aumentou nos últimos 40 anos (no 1960 na vila concentrábanse 1.160 persoas e no 1996, 1.986 habitantes).

Na estructura da poboación activa, salienta-lo dominio do sector primario (agricultura e gandería) que foi perdendo peso. A distribución na actualidade é: sector primario: 38%, industria: 13%, servicios: 33% e construcción: 16%.

Clima e bioxeografía:

O Val de Barcala coñece no seu conxunto un clima temperado (entre 150 e 275 días libres de xeadas ó ano) e húmido (con precipitacións que poden supera-los 2.000 mm. anuais).

A humidade reinante propicia, na zona montañosa, a repoboación con especies alóctonas (piñeiro e eucalipto), de altos rendementos forestais.

O clima temperado, unido a humidade, ofrece nos vales excelentes condicións para o desenvolvemento de actividades agropecuarias: millo, forraxe e prados. Estes últimos fóronse ampliando a partires dos anos 1960, coa orientación leiteira das explotacións gandeiras.

Comunicacións:

Hai que diferenciar dous tipos de tramas viarias: as internas, que cobren as necesidades locais entre a vila e as parroquias rurais, e aqueles nós de comunicación que permiten o enlace cos concellos limítrofes e cidades galegas.

O primeiro nivel caracterízase por un complexo ensarillado de pistas e estradas, que teñen como fin uni-los núcleos de poboación e poñer en contacto as diferentes vivendas coas explotacións agrarias. Son estradas de segunda e terceira orde, con baixa densidade de tráfico. Na práctica totalidade destas vías xeneralizouse a cuberta asfáltica.

No segundo nivel, o acceso a capitalidade de Galicia e Padrón realizase a través da estrada mais importante, recentemente mellorada. Na dirección contraria se bifurca a Muxía e Santa Comba. De Negreira parten amais tres rotas de interese: cara Urdilde-Noia (a través da Ponte Insua), cara Outes (unha pola Ponte Nafonso e outra pola Pesadoira).

Amais dos Taxis, hai un servicio diario de autobuses con Santiago de Compostela, Santa Comba, Ames Bugallido, Brión, Outes e Muxía.

O aeroporto e Lavacolla (33 Km.) e a estación de ferrocarril de Santiago de Compostela (20 Km.) dotan a Negreira dos servicios máis próximos de avión e tren.

Características económicas

Introducción:

Negreira forma parte dunha bisbarra eminentemente rural. A agricultura, a gandería e o comercio son as súas principais fontes de riqueza. As remesas dos emigrantes, a man de obra na construcción, pequenos talleres e unha factoría de agroindustria –A Cooperativa Feiraco- completan os fíos do seu tecido económico.

Agricultura:

O conxunto barcalés participa de moitas das características que condicionan esta actividade económica en Galicia: minifundios en propiedade, cun alto grao de parcelación. No obstante, a zona viuse beneficiada polo seu carácter de pioneira na posta en marcha de Concentración Parcelaria e na apertura da primeira axencia comarcal do Servicio de Extensión Agraria.

Os cultivos dominantes son os do tipo “forraxeiro atlántico”, baseados principalmente no millo, as praderías e as patacas. En paralelo á introducción de novos cultivos, incrementouse ó máximo a utilización de maquinaria agrícola.

A superficie agraria utilizada representa o 27,7% da extensión do municipio, unhas 1.552 Ha. A extensión media das explotacións acada as 5,82 Ha.

Gandería:

O proceso de modernización agrícola viuse acompañado dun cambio na natureza e orientación da cabana gandeira, onde o vacún é de claro predominio, coa introducción do gando frisón de altos rendementos lácteos.

Nos últimos tempos, debido ós problemas de superprodución láctea na U.E., hai explotacións que volven centrase no gando de producción cárnica, tradicionalmente importante na zona.

E non para a tendencia á desaparición de cativas explotacións leiteiras, con baixa actividade ou sen sucesores, hoxe inviables.

Forestal:

Esta actividade, que mima sobre todo as produccións de piñeiros e eucaliptos, amais de ofrecer unha certa recuperación das especies autóctonas nos últimos anos, significa un ingreso complementario na vida do agricultor, auxiliar do primordial: a producción gandeira. A masa arbórea ocupa a maior porcentaxe da superficie do municipio (66,8%).

A recente apertura de pistas facilita os labores forestais, e a pendente realización da Concentración Parcelaria nas fincas do monte, constitúe unha demanda importante.

Industria:

Exceptuando FEIRACO, o desenvolvemento do sector industrial foi ata o momento baixo e de escasa importancia. A comarca é unha área de recrutamento para o sector da construcción e servicios da capitalidade municipal e, sobre todo, en Santiago e periferia. Outra man de obra industrial aporta o seu traballo en fábricas doutros países americanos e europeos onde a nosa xente emigrou e emigra.

A Cooperativa Forraxeira de Negreira –FEIRACO-, que cumpriu recentemente o 30 aniversario, conta con 9.000 socios e un cadro de persoal de 245 traballadores. A facturación anual é

de 12.000 millóns de Pesetas. É unha das industrias agro-alimentarias máis importantes do país. O seu radio de acción chega a moitos mercados de España e Portugal.

Feiraco amais dos derivados lácteos (leite envasado e iogur), comercializa pensos compostos, abonos, sementes e productos fitosanitarios. Tamén presta os seus socios os seguintes servicios: gasóleo, economato, asesoramento fiscal, cursiños, servicios veterinarios, etc. E exerce unha labor de mecenado cultural a través da Fundación Feiraco.

A Empresa recentemente puxo en marcha unha liña económica dedicada á carne de vacún, unha moderna depuradora, unha fábrica de fertilizantes e unha planta de coxeración eléctrica.

A Cooperativa moito tivo que ver na modernización das estructuras productivas da zona.

Outros sectores que merecen mención son: o metalomecánico, a alimentación, os derivados da madeira e recentemente o téxtil.

Comercio:

Cíñese a vila, onde tamén se celebra unha feira tódolos domingos do ano. A oferta comprende: alimentación, calzados, téxtil, maquinaria agrícola, etc. Este sector (terciario) representa un 33% da poboación ocupada e consta dun total de 523 negocios.

Sinopse histórica:

A característica fundamental de Negreira ó longo da súa historia é o carácter eminentemente rural dos seus habitantes que, dende tempo inmemorial, tiveron na agricultura e na gandería o seu medio de vida. A división das *villae* romanas , segundo algúns investigadores, ou dos feudos , segundo outros, dou lugar a unha atomización da propiedade , ó igual que no resto de Galicia , que prácticamente ata comezos do século XX permitiu , ademais de paga-las rendas, a supervivencia da poboación rural.

Como consecuencia da grave crise de subsistencia a partir do ano 1853 produciuse tamén en Negreira unha xeralización da emigración , fenómeno este que se intensificou a comezos do século XX cara a América e a partir do derradeiro tercio de dito século ós países de Europa e outras comunidades do Estado. Este fenómeno , ademais de xerar un importante fluxo económico cara a nosa comarca e actuar como importante motor de cambio tamén tivo a súa vertente negativa pola desestructuración que provocou en moitos casos no ámbito familiar.

Avila de Negreira , na actualidade o maior núcleo de poboación de entre os 92 que conforman o termo municipal , pouca importancia tivo ata o século XVIII ; coa creación dunha feira -1.717- diante do Pazo do Cotón comeza a constituírse nun centro de atracción da poboación labrega, continuando o seu afianzamento como cabeceira municipal e de comarca a finais do século XIX como consecuencia da creación do Xulgado de 1ª Instancia e a fixación da cabeceira municipal que anteriormente estaba en Aro. Foron os emigrantes retornados de América e logo de Europa os que ó instalarse na Vila deron lugar a un importante crecemento urbanístico da mesma.

A comezos do século XX o Concello de Negreira viviu un período de dinamismo social coa proliferación da vida asociativa - sociedades agrícolas e comerciais- publicacións diversas, construcción de escolas de emigrantes, etc. pero todo este pulo quedou cortado pola dictadura militar, non sendo ata comezos da década dos cincuenta cando empeza a producirse unha transformación no campo , como consecuencia da introducción de novas técnicas de cultivo e ensilado , progresiva mecanización , concentración parcelaria e vías de comunicación , nacemento do cooperativismo, dinamización parroquial e mellora das explotacións cos recursos procedentes da emigración.

Na actualidade estase a producir un desprazamento da poboación dende a zona rural cara a Vila e cidades próximas e o abandono progresivo da agricultura e gandería por parte dos máis novos cara outros sectores productivos.

1.- A ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO

Órganos de goberno unipersoais

Dirección.

Correspóndelle coordinar tódolos estamentos do centro. Esta coordinación fixarase a través do claustro de profesores, a comisión de coordinación pedagóxica e os xefes de departamento.

Vicedirección.

É responsable da coordinación das actividades complementarias e extraescolares.

Xefatura de estudios.

Debe exercer a xefatura do persoal docente. Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico do profesorado e alumnado.

Secretaría.

Debe realizar a xestión económica e administrativa do centro.

Administración.

Non existe.

Coordinación de Ciclos formativos.

Realizará as seguintes funcións:

- *Supervisar e dirixir os programas formativos de FCT.*
- *Encargarse das relacións coas institucións empresariais, laborais, etc., que poidan estar interesadas no programa.*
- *Difundir o programa a nivel interno e externo.*
- *Controlar, supervisar e valora-las actividades levadas a cabo polos titores dos ciclos formativos e programas de garantía social.*
- *Coordina-las accións dos titores/as, establecendo un plan de seguimento da FCT, no que inclúa:*
  - *Calendario e plan de visitas*
  - *Accións de divulgación do programa formativo*
  - *Captación de empresas*
- *Buscar e seleccionar empresas co apoio do profesorado-titor/a.*
- *Tramitar toda a documentación relativa ás axudas económicas que procedan respecto á FCT.*
- *Realizar unha memoria anual das actividades realizadas.*

Xefatura de Departamentos

Existe unha por cada un dos departamentos que hai no centro: Física e Química, Lingua Española, Bioloxía, Tecnoloxía, Matemáticas, Lingua Galega, Relixión, Latín, Administrativo, Inglés, Grego, Historia, Música, Francés, Filosofía, Debuxo, Educación Física, Economía, *Formación e Orientación Laboral, Informática, Normalización Lingüística e Orientación.*

Titorías

Existe un por cada grupo de alumnado que debe exercer a súa función titorial e de orientación en colaboración co departamento de orientación.

Estableceranse titorías especiais tendo en conta as dispoñibilidades do centro, (actividades deportivas, ...)

Coordinador ou coordinadora da biblioteca.

Desempeñado por un membro do profesorado, con un mínimo de dúas horas de reducción.

Ten as seguintes funcións que debe realizar baixo as directrices do departamento de actividades complementarias e extraescolares:

- Xestión da biblioteca e do material audiovisual.
- Elaboración dun plan anual de renovación e adquisición de libros.
- Elaboración de normas de utilización da biblioteca.

Órganos de goberno colexiados:

Consello Escolar.

É o órgano a través do cal participan na xestión do centro os distintos membros da comunidade educativa.

Está composto polos seguintes membros: O director ou directora, o xefe ou xefa de estudios, un concelleiro ou representante do concello, sete profesores elixidos polo claustro, tres representantes dos pais ou nais de alumnos, catro representantes do alumnado, un representante do persoal da administración e servicios. O secretario ou secretaria actuará como secretario do consello, con voz pero sen voto.

No seo do consello escolar existirán alomenos dúas comisións, que informarán o consello escolar sobre os temas que se lles encomenden e colaborarán con el nas cuestións da súa competencia.

A comisión económica integrada polo director ou directora, o secretario ou secretaria, un profesor ou profesora, un alumno ou alumna e un pai ou nai de alumno, elixidos por cada un dos sectores.

A comisión de convivencia integrada polo director ou directora, o xefe ou xefa de estudios, un profesor ou profesora, un alumno ou alumna e un pai ou nai de alumno, elixidos por cada un dos sectores.

Claustro de Profesores.

Ten a responsabilidade de planificar, coordinar decidir e informar sobre tódolos aspectos docentes.

Entre as súas competencias figura a aprobación do Proxecto Curricular.

Está integrado pola totalidade dos profesores e profesoras do centro.

Xunta de delegados

A súa misión é tratar problemas relativos a cursos e grupos, e elevar ó equipo directivo e ó Consello Escolar propostas relativas ós temas que lles afecten.

Está integrada polos delegados dos distintos grupos e polos representantes dos alumnos no Consello escolar.

Comisión de coordinación pedagóxica.

(véase comisións)

Asociación de Pais.

Organizan e colaboran na realización de actividades extraescolares.

A asociación de pais e nais máis representativa ten dereito a propoñer un representante no Consello Escolar do centro.

Asociación de alumnos.

Informan e defenden os dereitos dos estudiantes

Competencias: As establecidas no Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, Decreto 324/1996 do 26 de xullo (Títulos V, VII).

Equipos docentes:

Departamentos didácticos

Existen os seguintes: Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Filosofía, Francés, Inglés, Grego, Latín, Matemáticas, Física e Química, Ciencias Naturais, Artes Plásticas, Educación Física e Deportiva, Xeografía e Historia, Música, Relixión Católica, Tecnoloxía, *Formación e Orientación Laboral, Informática, Orientación, Normalización Lingüística e Administrativo.*

Son os órganos encargados de organizar e desenvolve-las ensinanzas propias das áreas.

Elaborarán a programación didáctica de acordo coas directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

Colaborarán co departamento de orientación na prevención e detección de problemas de aprendizaxe, tamén na programación e aplicación de adaptacións e diversificacións curriculares, actividades de reforzo, ampliación e actividades de recuperación para os alumnos e alumnas que o precisen.

Están compostos por tódolos profesores e profesoras que impartan docencia nas áreas asignadas ó departamento.

Os xefes dos departamentos desempeñaran o seu cargo durante catro cursos académicos.

Departamento de orientación.

Está encargado de elaborar propostas de orientación tanto académica como profesional para o alumnado, e coordinar a acción titorial do centro proporcionando ós titores apoio e soporte técnico.

Está composto por un titor ou titora de cada nivel, procurándose que existan profesores de cada un dos ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico, o profesor de apoio en caso de que exista e un profesor da área de formación e orientación laboral.

A xefatura do departamento será desempeñada polo funcionario que a lexislación determine.

Departamento de actividades complementarias e extraescolares.

Esta encargado de promover, organizar e facilitar todas estas actividades.Para facelo debe ter en conta as propostas dos departamentos, do profesorado, do alumnado e dos pais e nais e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.

Entre as súas funcións cabe destacar :

- Potencia-los intercambios escolares e os viaxes culturais.
- Organiza-la utilización da biblioteca xunto co coordinador da mesma.

A xefatura do departamento é desempeñada polo vicedirector ou vicedirectora e está integrado, para cada actividade concreta, polo profesorado e alumnado responsable da mesma.

Comisións.

Comisión de coordinación pedagóxica.

Esta encargada de propoñer ó claustro os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares e establece-las directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos e velar polo seu cumprimento e posterior avaliación.

Debe asegura-la coherencia entre o proxecto educativo, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.

Debe propoñerlle o director ou directora os profesores titores que han de formar parte do departamento de orientación e do equipo de normalización lingüística.

Esta integrada polo director ou directora, o xefe ou xefa de estudios, os xefes de departamento, o coordinador do equipo de normalización lingüística e de se lo caso o profesor ou profesora de apoio e o coordinador de formación en centros de traballo.

Coordinación de formación en centros de traballo.

Véase "Coordinación de Ciclos formativos: O Coordinador de Formación en Centros de Traballo"

Equipo de normalización lingüística.

E o encargado de potencia-lo uso da lingua galega.

Está composto por tres profesores (propostos pola comisión de coordinación pedagóxica), tres alumnos (propostos pola xunta de delegados) e un membro do persoal non docente (proposto por eles mesmos).

Competencias: As establecidas no Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, Decreto 324/1996 do 26 de xullo. (Título III, Capítulos I ó VII)

2.- OS FINS E AS INTENCIÓNS EDUCATIVAS DO CENTRO DE ACORDO COA IDENTIDADE PROPIA DEL.

Notas de identidade:

Confesionalidade

Este centro maniféstase aconfesional e respectuoso con todas as crenzas dos membros da comunidade educativa.

A liberdade responsable e o pluralismo son consubstanciais a todo proceso educativo. Sen eles, a educación dexeneraría nas formas degradadas do adestramento e o adoutrinamento.

Coeducación

Asumímo-la coeducación, entendida no seu máis amplo sentido, como parte do proceso da educación para a igualdade, na valoración e o respecto ás diferencias de xénero ou de opción sexual, de orixe étnica-cultural e de calquera outra circunstancia social ou persoal, sempre que non se atente contra a dignidade das persoas.

De acordo co anterior, o Centro comprométese a promover e apoiar todo tipo de actuacións e intervencións pedagóxicas compensatorias tendentes a acada-lo maior grao de integración e igualdade efectiva posible.

Así mesmo a Comunidade Escolar proponse como propia a tarefa de erradicar do noso contorno todas aquelas actitudes sexistas e excluíntes que poidan servir de base a prácticas discriminatorias de calquera tipo, quer por medio da persuasión racional quer, se for mester, a través de medidas correctoras eficaces.

Formulación de Principios e Obxectivos:

Principios e valores educativos xerais.

Os fins da educación son o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e das alumnas, a formación no respecto dos dereitos e liberdades e no exercicio da tolerancia, a adquisición de hábitos intelectuais, técnicas de traballo e coñecementos das distintas áreas, que os preparen efectivamente para a súa incorporación activa a vida social, cultural e profesional.

Para a mellor consecución destes fins os principios básicos que deberán orientar a práctica educativa son:

1. A formación personalizada, que propicie unha formación integral en coñecementos, destrezas e valores morais en tódolos ámbitos da vida, persoal, familiar, social e profesional. "Para isto deberase asumir a diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado, intentando adecuar os currículos ás características persoais, e tamén proporcionar estratexias de aprendizaxe adecuadas e organizar medidas educativas compensadoras das desigualdades"

2. A participación de tódolos membros da comunidade educativa(alumnado, profesorado, pais e nais, persoal non docente,...) na consecución dos obxectivos educativos.
3. A efectiva igualdade de dereitos entre os sexos, o respecto a tódalas culturas, e o rexeitamento a todo tipo de discriminación.
4. Procurarase que os alumnos e alumnas desenvolvan as súas capacidades creativas e un espírito crítico, e que desenvolvan así mesmo a capacidade de avaliar e controlar a súa propia aprendizaxe. Isto implica o emprego de metodoloxías que aseguren a participación do alumnado nos procesos de ensino e aprendizaxe. Fomentarase especialmente a autoavaliación.
5. Fomentar os hábitos de comportamento democrático e as actitudes para a convivencia, asumindo como valores a solidariedade, a participación, a tolerancia e o sentido crítico.
6. A autonomía pedagóxica do centro e a actividade investigadora do profesorado a partir da práctica docente.
7. A atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional.
8. A avaliación debe analizar e valora-lo papel de tódolos elementos que interveñen no proceso educativo.
9. A relación co entorno natural, social, económico e cultural.
10. A formación no respecto e defensa do medio ambiente.

<u>Obxectivos do ámbito pedagóxico.</u>

1. Aprendizaxe significativa dos contidos das materias curriculares, de modo que se relacione o que se aprende co que xa se sabe.
2. Desenvolvemento da capacidade de relaciona-lo aprendido en distintas materias e de aplica-lo a outras áreas e á vida cotiá.
3. Capacidade de comprender e producir mensaxes orais e escritas, especialmente no que se refire a:
   - A lectura comprensiva e crítica, e a utilización de estratexias axeitadas cando non se comprende (emprego do diccionario, libros de consulta, preguntas...)
   - A claridade, precisión e coherencia na expresión.
   - A ortografía e a presentación adecuada de traballos e exames.
4. Capacidade de producir e interpretar mensaxes con diversas intencións comunicativas utilizando códigos verbais e non verbais.
5. Desenvolvemento da capacidade de argumentar e fundamentar adecuadamente as opinións propias.
6. Apreciar os coñecementos escolares como útiles.
7. Valorar a capacidade de expresar correctamente as propias ideas, de forma oral ou escrita, e interese e curiosidade por analizar, coñecer e contrastar diferentes informacións.
8. Formarse unha idea axustada de sé mesmos, das súas características, posibilidades e limitacións, que lles permita encamiñar adecuadamente a súa actividade.

<u>Obxectivos relativos ós contidos.</u>

Os ***temas transversais*** fan referencia ós contidos que, non sendo propios de ningunha área específica, deben formar parte do currículo escolar pola súa contribución ó desenvolvemento das capacidades que se consideran necesarias nos cidadáns con plenos dereitos e deberes e comprometidos na sociedade na que viven. Caracterízanse por ser contidos educativos valiosos, que responden a un proxecto de sociedade e de educación, e que impregnan as diferentes áreas curriculares.

Os temas transversais establecidos para a ESO na Comunidade Autónoma de Galicia son:

- Saúde e calidade de vida
- Educación ambiental
- Educación para a paz
- Educación do consumidor
- Educación para a igualdade entre os sexos

- Educación para o lecer
- Educación vial

Estes temas transversais son moi similares ós propostos en outras comunidades. En concreto parécennos máis claros os títulos establecidos polo MEC, que relacionamos e describimos a continuación:

1. **Educación para a saúde:** Deben crearse dende a infancia uns hábitos de hixiene física e mental que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e o seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.
2. **Educación sexual:** É preciso subministrar información, orientación e educación sobre os aspectos sociais e psicolóxicos da sexualidade, de modo que o alumnado coñeza e aprecie os papeis sexuais masculinos e femininos e o exercicio da sexualidade como comunicación plena entre as persoas.
3. **Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos:** É preciso prestarlle especial atención para evitar as expresións e representacións discriminatorias por razón de sexo. Así mesmo hai que evitar esta discriminación nos temas referidos ó traballo e á organización social.
4. **Educación vial:** O desenvolvemento da responsabilidade no uso e no consumo dos medios de transporte constitúen as bases esenciais nas que se fundamentará a educación vial.
5. **Educación do consumidor:** O consumo é un elemento presente na nosa sociedade ó que hai que dar resposta educativa. É necesario dotar ó alumnado de instrumentos de análise e crítica que lle permita adoptar unha actitude persoal fronte ás ofertas que lle chegan da sociedade de consumo.
6. **Educación para a paz:** Hai que estimular o diálogo como vía de resolución dos conflictos. A escola é o lugar idóneo para aprender propia experiencia dunha convivencia libre, democrática, solidaria e participativa.
7. **Educación ambiental:** Capacitar ó alumnado para comprender as relacións co medio no que viven e para dar resposta de forma participativa e solidaria ós problemas ambientais, tanto no ámbito próximo como no nacional e internacional. Promover unha actitude solidaria co dereito que teñen as xeracións futuras de gozar dos limitados recursos que existan na Terra.
8. **Educación moral e cívica:** Buscarase que aprendan a detectar e criticar os aspectos inxustos da realidade cotiá e das normas sociais vixentes, e elaborar principios xerais de valor, e que fagan seus comportamentos coherentes cos principios e normas que teñan.,así como os que a sociedade elabore dun modo democrático e buscando a xustiza. Tamén atendendo aquí á realidade da inmigración que se detecta xa no noso entorno.

Estes temas transversais deben impregnar todo o currículo. Por tanto no PCC e nas programacións dos distintos Departamentos incluiranse contidos referidos ós distintos temas transversais, coidando de facelo de xeito coordenado.

<u>Obxectivos relativos á opción metodolóxica ou liña pedagóxica.</u>

Na nosa opinión non existe unha metodoloxía única que produza bos resultados con tódolos alumnos e en tódalas ocasións. Será pois conveniente empregar metodoloxías variadas que respondan tanto ás diferentes situacións que se presentan durante a instrucción como ás diferencias entre o alumnado.

Estas metodoloxías deberán ter uns rasgos comúns, como son:

1. Realizar actividades que teñan en conta os coñecementos de partida dos estudiantes.
2. Realizar actividades que promovan o interese e que favorezan un clima de diálogo e de participación.
3. Realizar actividades que favorezan que o alumnado aprenda a aprender.
4. Utilizar unha variada gama de recursos.

<u>Obxectivos relativos a avaliación, promoción e recuperación.</u>

1.- **A Avaliación**

A avaliación debe entenderse como un instrumento de mellora do funcionamento de toda a acción educativa, e non coma unha finalidade en sé mesma. Deberase insistir na súa función constructiva e non no seu carácter sancionador.

1.1.- A avaliación do ensino-aprendizaxe

- A avaliación é un proceso sistemático e rigoroso de recollida de datos, incorporado ó proceso educativo desde o seu comezo, de xeito que sexa posible dispoñer de información continua e significativa para coñece-la situación e toma-las decisións adecuadas para prosegui-la actividade educativa mellorándoa progresivamente.

- Unha característica fundamental da avaliación e que sexa integradora, é dicir, que valore globalmente os logros acadados polo alumnado, avaliando ata que punto se teñen logrado os obxectivos xerais de cada etapa educativa. Deberase prestar especial ós procesos como verdadeiros indicadores do desenvolvemento da acción de ensino-aprendizaxe.

- Para que mellore o proceso de ensino-aprendizaxe mediante a aplicación enriquecedora da avaliación, é tamén importante incorporarlle a autoavaliación e coavaliación dos propios alumnos. Polo tanto o alumnado debe ser e sentirse partícipe da acción avaliadora.

- A funcionalidade formativa da avaliación continua implica:

1) *Avaliación inicial*, cando comece o proceso de aprendizaxe.
2) *Avaliación procesual ou formativa*, ó longo do período de tempo en que se desenvolve a unidade didáctica.
3) *Avaliación final*, ou reflexión e síntese do acadado no período previsto para levar as aprendizaxes.

- A avaliación das aprendizaxes presenta basicamente dúas funcións:

1) *De carácter social* no que se refire o seu carácter informativo e tamén de orientación do alumnado. Desde o Centro arbitraranse as medidas necesarias para que os responsables dos alumnos e alumnas estean informados de xeito continuo e preciso.
2) *De carácter pedagóxico*, de regulación do proceso de ensino-aprendizaxe, dicir de recoñecemento dos cambios que se teñen que introducir progresivamente neste proceso para que tódolos alumnos aprendan de forma significativa.

- A fin de dotar ás xuntas de avaliación da maior operatividade posible deberán terse en conta as seguintes indicacións:

1) Aínda que os instrumentos de avaliación dependen en gran medida da materia de que se trate, da metodoloxía específica proposta por cada Departamento e mesmo dos criterios definidos individualmente por cada profesor ou profesora, a través do PCC deberase deseñar un tipo de documentación común que unifique no posible a información que os profesores e profesoras aporten perante o titor ou titora.
2) Os/as titores/as elaborarán a partires desa documentación aportada un cadro xeral de todo o grupo en tódalas materias que permitirá ver as singularidades e as coincidencias na situación do grupo.
3) Tal documentación, asemade, debe permitir de xeito áxil e simple unha primeira aproximación inicial á situación de cada alumno, a fin de poder rapidamente recoñece-los casos máis singulares, informar ós seus pais da problemática específica que presenta o/a alumno/a, e toma-las medidas que se correspondan con esa situación.
4) Nesa documentación farase constar ademais das cualificacións correspondentes, aspectos referentes ó grao de cumprimento dos obxectivos nos contidos conceptuais,

procedimentais e actitudinais (presenta problemas de base, grao de comprensión, realización de tarefas, grao de participación, etc), as características motivacionais detectadas, e calquera outra consideración que se determine.

5) Naturalmente haberá que diferenciar entre a documentación de carácter interno - que será de uso exclusivo dos membros da xunta de avaliación, e en particular do titor ou titora no desempeño das súas funcións- e aquela que quedará reflectida nos boletíns de cualificacións.
6) Os boletíns de cualificacións deben supoñer na medida do posible unha información o máis completa e significativa da situación escolar do/a alumno/a. Así pois, tanto o deseño dos boletíns, como a documentación aportada por cada profesor ou profesora en cada avaliación, así como as propias discusións das reunións, deberán ir encamiñados a dotar a este documento da maior funcionalidade e operatividade posible.

Todas estas indicacións deben facilita-la tarefa do profesor titor ou profesora titora tanto no desenvolvemento da xunta de avaliación como na información que deba presentar perante os pais dos alumnos/as. Asemade, permitirán que todo o profesorado do grupo coñeza de xeito fácil a situación individual e xeral dentro do grupo, no que atinxe a súa materia e en xeral no conxunto de tódalas materias. Finalmente, e sobre todo, esta actuación está encamiñada a fin de que se poidan toma-las medidas individuais e colectivas que as diferentes situacións requiran.

1.2.- <u>A avaliación dos órganos do centro</u>.

1) Os órganos tanto unipersoais como colexiados do Centro, así como todos aqueles que se creen para mellor funcionamento do mesmo, deberán elaborar un sistema de avaliación do seu funcionamento e do cumprimento dos obxectivos propostos, debendo presentar os prazos que se establezan unha memoria ou informe co resultado de tal avaliación, e no seu caso, das medidas correctoras, perante os órganos correspondente.
2) Os órganos unipersoais elaborarán sendos informes de tal avaliación que deberá ser presentado perante o Claustro de Profesores e o Consello Escolar o remate de cada Curso.
3) Os órganos colexiados actuais e os que se creen no sucesivo, nomearán unha comisión no seu seo que será a encargada de elaborar a memoria na que se recolla a avaliación de tal órgano.

1.3.- <u>A avaliación dos instrumentos de goberno do centro</u>

Tódolos instrumentos de goberno, xestión e organización do Centro (PEC, PCC, RRI, etc) deberán levar incluídos sistemas de avaliación que permitan verificar o seu grao de operatividade, adecuación, cumprimento, etc., debendo presentar nos prazos que se establezan unha memoria co resultado de tal avaliación, e no seu caso, das medidas correctoras, perante os órganos correspondentes. Os órganos encargados da elaboración de tales memorias serán aqueles que teñan a responsabilidade de velar polo seu cumprimento.

2.- **A promoción.**

Debe ser obxectivo prioritario do Centro que tódolos alumnos/as rematen con éxito a ESO.

- O Proxecto Curricular recollerá dunha forma precisa e rigorosa os Criterios de Promoción que lle permitan á Xunta de Avaliación en cada momento unha toma de decisións a este respecto o máis obxectiva e xusta posible.
- Aínda que a repetición de cursos non debe ser utilizado como único medio para tratar de que os/as alumnos/as con dificultades de aprendizaxe solucionen as súas carencias, de ningún modo se tomará a promoción como un mecanismo automático que soamente trasladaría tales problemas ó curso seguinte.

- A acción titorial é neste contexto esencial, dado que debe descubrir a tempo as dificultades que os alumnos e alumnas presentan, a fin de que sexa o longo do curso onde se poñan os medios necesarios para que se vaian solucionando o maior número de problemas atopados.
- Para aqueles/as alumnos/as que deban promocionar por xa ter repetido un curso o Proxecto Curricular debe deseñar un conxunto realista de medidas de diversificación curricular a fin de corrixir no posible as carencias que presenta ese alumnado. De igual xeito, se arbitrarán tamén medidas axeitadas e realistas de diversificación curricular individualizadas para alumnos/as maiores de dezaseis anos.
- Cando a Xunta de Avaliación estime que un alumno/a que xa repetiu un curso, non está en condicións de remata-la ESO, pero que dadas as súas características pode finalizala se repite o curso, propoñerá á Dirección do Centro que de xeito excepcional se lle permita tal posibilidade. En tal caso se lle aplicarán as medidas as que se refire o apartado anterior.
- É moi importante que todos sexamos conscientes que non hai alternativas a curto prazo para un alumno ou alumna que non acade o Graduado en ESO (agás os Programas de Garantía Social ou Iniciación Profesional), e que polo tanto é esencial que dispoñamos de tódolos mecanismo conducentes a axudar a recuperar o alumnado que presente dificultades.
- En relación con todo o exposto nos puntos anteriores, faise preciso que tódolos sectores implicados axunten esforzos a fin de conseguir da administración educativa os medios humanos (profesores de apoio, equipo sicopedagóxico, gabinete de orientación, etc) e materiais que permitan afrontar coas debidas garantías tódalas medidas citadas.

3.- OS OBXECTIVOS DO CENTRO TENDENTES A LOGRA-LA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

- Obxectivos do E.N.L.:

1) Mellora-la competencia lingüística dos membros da comunidade educativa
2) Lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia
3) Dinamiza-las experiencias didácticas para promover o uso do galego nos distintos niveis educativos.
4) E como último e máis ambicioso obxectivo, influír para que se cumpra a Lei de Normalización Lingüística no Centro e que se garanta a pervivencia do galego con medidas normalizadoras que se fagan extensivas a toda a sociedade.

- Obxectivos xerais do E.N.L.:

1) O empeño fundamental debe se-la oralidade. A comunidade educativa debe expresarse en galego oralmente, polo que debemos apoia-las propostas de debate que se formulen porque a lingua tende a perderse nestas idades (por mimetismo cós medios de comunicación) e debemos tentar recuperala.
2) Utilizar harmonicamente tódolos recursos expresivos, tanto lingüísticos como non lingüísticos, na comunicación directa con outras formas.
3) Utiliza-la linguaxe oral e escrita coma instrumentos para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
4) Valorar e estima-la lingua de Galicia, facendo uso dela en tódalas situacións de comunicación que se nos presenten e respectar aqueles interlocutores que usen unha variante dialectal e social diferente.
5) Participar en actividades de grupo, aceptando a diversidade de intereses e opinións, colaborando de forma creativa e asumindo de forma positiva as valoracións críticas das propias contribucións.
6) Desenvolver actitudes solidarias e tolerantes identificando os usos sociais e estereotipos que encerran actitudes de marxinación, desenmascarándoos e rexeitando calquera tipo de discriminación.

7) Coñece-las crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio cultural, e respecta-las realidades culturais distintas ás propias.
8) Utiliza-la propia lingua con coherencia e corrección para establecer e mellora-la relación cos demais, para expresar sentimentos e para participar nas actividades colectivas de forma solidaria e respectuosa.
9) Valora-la lingua propia facendo uso dela en tódalas situacións de comunicación.
10) Analizar e comprende-las interrelacións que existen entre as diferentes linguas, e descubri-los fenómenos de contacto da nosa lingua con outras.
11) Valora-la importancia das manifestacións dos medios de comunicación na cultura contemporánea e amosar unha actitude crítica ante as súas mensaxes.
12) Valora-los autores e as súas obras como patrimonio da nosa cultura.
13) Analizar e xulgar fundamentada e criticamente os diferentes usos sociais das linguas, evitando os estereotipos que supoñen suízos de valor e prexuízos (clasistas, racistas, sexistas, …) a través do recoñecemento contido ideolóxico da linguaxe.
14) Observacións das normas que rexen o intercambio comunicativo: escoitar sen interromper, respecta-las opinións alleas, expor con claridade e precisión, intervir sen agresividade e con ton de voz axeitado, etc.
15) Sensibilidade ante a manipulación da publicidade con fins consumistas ou persuasións ideolóxicas e ante utilización de contidos e formas que comportan discriminación ou degradación da persoa.

Lingua de aprendizaxe e tratamento do bilingüismo.

Modelo lingüístico

Establecerase un programa de mantemento e enriquecemento da lingua propia, o galego, que no noso Centro é maioritaria.

Planificarase a consolidación do galego (máis doado de perder pola presión diglósica), dándolle a consideración de lingua vehicular. Paralelamente, mellorase a competencia da lingua castelá como segunda lingua (máis doada de conservar, aínda que non por iso invulnerable ao empobrecemento e á desnaturalización**).**

Obxectivos

- O Centro debe ser un axente normalizador, favorecendo a utilización do galego como lingua vehicular na vida do centro e creando un ambiente que faga posible a eliminación dos prexuízos propios da situación diglósica. Entendemos por *Normalización* a aceptación progresiva tanto do uso preferente do galego en calidade de lingua propia de Galicia, como tamén o uso do castelán na súa condición de lingua oficial do Estado.
- A consolidación da lingua galega como lingua de uso en tódalas comunicacións públicas realizadas no Centro, máis alá do que o seu carácter de lingua oficial preestablece.
- Que ao remate do ciclo educativo o alumnado teña unha competencia suficiente, tanto oral como escrita nas dúas linguas.
- Contemplar como un criterio máis de elaboración do horario do Centro o noso compromiso de que a oferta de materias en lingua galega tenda a ser a maior e o máis repartida posible, alén do que a lexislación vaia establecendo.
- A presencia do material didáctico en lingua galega debe incrementarse para que o alumnado poida mellorar a súa competencia no galego escrito.
- Procurarase ampliar e enriquecer os diferentes rexistros lingüísticos, oral e escritos, nas dúas linguas.

4.- A ADECUACIÓN Ó CONTEXTO DO CENTRO DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS QUE SE IMPARTEN.

Etapa E.S.O. (Ensinanza Secundaria Obrigatoria).

Obxectivos:

1) Comprender e expresar correctamente, en lingua castelá e galega, textos e mensaxes complexos, orais e escritos.
2) Comprender unha lingua estranxeira e expresarse correctamente en idioma foráneo (favorecendo programas e actividades como o Comenius, os intercambios, as clases europeas, …)
3) Utilizar con espírito crítico os diferentes contidos e fontes de información, e adquirir novos coñecementos con esforzo persoal.
4) Comportarse con espírito de cooperación, responsabilidade moral, solidariedade e tolerancia, respectando o principio de a non discriminación entre persoas (obxectivo real no noso centro pola presencia de alumnado de orixe árabe),
5) Coñecer, estimar e respecta-los bens artísticos e culturais.
6) Analizar os elementos principais que influyen nos feitos sociais e coñecer as leis básicas da Natureza.
7) Comprender a dimensión práctica dos coñecementos obtidos, e adquirir unha formación de base no campo tecnolóxico.
8) Coñecer as crenzas, as actitudes e valores de base da nosa tradición e patrimonio cultural, apreciándoos con sentido crítico e escollendo as mellores opcións con vistas o desenrolo persoal do alumnado.
9) Valorar de maneira crítica as costumes sociais asociadas a saúde, o consumo e o medio ambiente.
10) Coñecer o medio social e cultural no que traballan e utilizalos como instrumento para a súa formación.
11) Fomentar a Educación Física e o deporte para favorecer o desenrolo persoal (a pesar das dificultades inherentes á dispersión propia do mundo rural)

Estes obxectivos, coherentes cos da Educación Primaria, pretenden conseguir:

a) Unha maior independencia de criterio e autonomía de acción no medio.
b) O desenrolo da capacidade de reflexión a partires da observación sistemática de feitos, situacións e fenómenos.
c) A obtención dun equilibrio afectivo e social a partires dunha imaxe correcta e positiva dun mesmo.
d) A adquisición e perfeccionamento de instrumentos de investigación, representación e predicción.
e) A inserción activa, responsable e crítica na vida social.
f) A realización de aprendizaxes significativos que aumenten a capacidade de comprensión da realidade.
g) A toma de conciencia de actitudes de base para a coexistencia democrática no cadro de valores de solidariedade, participación, responsabilidade, tolerancia e espírito crítico.

Estas finalidades serán matizadas polos principios bipolares de:

I) Unha ensinanza comprensiva á vez que diversificada
II) Un carácter terminal á vez que preparatorio para os niveis educativos seguintes.

Nos anteditos principios apoiarase a estructuración de cada ciclo da E.S.O. Sendo o segundo ciclo mais complexo pola ampliación da optatividade e a maior esixencia do currículo.

Etapa Bacharelato

- Un alumnado con escasa autonomía de traballo, con pouco hábito lector e acusadas deficiencias nas técnicas de estudio e na expresión oral e escrita, con pobre visión crítica.

- Un alumnado con escaseza de dinamismo e motivación cultural, con grandes diferencias de "coñecementos previos" medibles, graduados e individualizados segundo a realidade económica-cultural-familiar, segundo etapas anteriores de aprendizaxe, segundo o lugar de procedencia, … ó que sumaremos os universais innatos a seu grupo xeracional: desarraigo familiar e social, desmotivacións, conflictos emocionais e da personalidade, …

debuxa unha panorámica que nos leva a realizar priorizacións en canto os obxectivos (rentabilidade, funcionalidade) a conseguir:

1. o alumnado, dentro da súa diversidade, deberá comprender e producir con coherencia e corrección mensaxes orais e escritos nas súas linguas de uso:

- materiais cognitivos e sociais
  - científico-técnicos / humanísticos
- materiais imaxinativos e creativos

dominio duns códigos, que lle servirán para reflectir pensamentos, valoracións e outros estados comunicativos sociais. Estamos nunha etapa onde deberase controlar uns códigos mais selectivos (técnicos, artísticos, científicos) e elo, con propiedade, creatividade e autonomía.

2. En paralelo co primeiro obxectivo, dotaremos o alumnado de estratexias, de procedementos tanto intuitivos como lóxicos, de mecanismos críticos (mapas conceptuais, esquemas, cadros sinópticos, ...) organizativos e autónomos que lle permitan resolver e identificar as problemáticas dos diferentes campos do coñecemento e as experiencia, e que a vez, lle ensinen a beber nas diferentes fontes da información das que obterán e seleccionarán contidos.

   Unha vez adquiridos os dous primeiros obxectivos, o alumnado estará modelado en equilibrio e autonomía para alcanzar o terceiro obxectivo e desembocar no cuarto.

3. Capacidade de sopesar, valorar súas posibilidades, seu esforzo, seu grao de superación (traballo diario, programado, ...) para así lanzarse o comiño das relacións con outros seres, o camiño da participación en actividades grupais. Un camiño que poderá realizar, superando inhibicións, prexuízos; recoñecendo e valorando de maneira crítica, xa actitudes discriminatorias (raza, sexo, clase social, crenzas, ...), xa actitudes solidarias e tolerantes.

4. O alumnado xa está preparado con (progresión, recapitulación, especificidade) para integrarse na sociedade e entender seu funcionamento (dereitos e deberes) axuizando e adoptando actitudes persoais. Este será noso cuarto obxectivo. E en canto que o "hoxe e o agora social" supón unha herdanza, deberá coñecer e respectar a tradición, súa tradición e o patrimonio cultural, seu patrimonio (conxunto de crenzas, actitudes, valores, diversidade lingüística-cultural, ...) que favorecerán seu mellor desenrolo integral de persoa.

5. Analizar o medio físico, coñecer e valorar o desenrolo científico-tecnolóxico con súas incidencias e aplicacións no propio medio, así como súas repercusións nas actividades humanas. Elo, provocará unha conducta de defensa, conservación e mellora en beneficio de unha maior calidade de vida.

6. Por último, o alumnado deberá coñecer e comprender os aspectos básicos do funcionamento do propio corpo, deberá coñecer as consecuencias dos actos persoais para a saúde, así como os beneficios derivados do hábito de exercicio físico, hixiene e alimentación equilibrada.

Parece oportuno engadir como desencadenante dos obxectivos citados, todo un cúmulo de estratexias de uso:

- incidir no traballo continuo, asistencia a consultas de biblioteca, lectura por pracer e coñecemento.
- achegarse a novas realidades (actividades extraescolares de saídas: teatro, cine, museos, fábricas, campo, praia, ...)

OBXECTIVOS PGS

-Comprensión e expresión de textos escritos con, propiedade, autonomía e creatividade en galego e en castelán.

-Coñecemento da historia, xeografía e actitudes da nosa tradición e patrimonio cultural, así como análise sinxelo dos mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades.

-Resolución de problemas e/ou aplicación de operacións de matemáticas e da tecnoloxía, mediante procedementos de razoamento lóxico.

-Realización de exercicios que utilicen códigos básicos de carácter científico e técnico.

-Resolución de exercicios e cuestións básicas sobre aplicacións do desenvolvemento científico e tecnolóxico e a súa incidencia no medio físico e social.

-Favorecer a preparación da proba de acceso a ciclos formativos do alumnado que mostre interese.

-Facilitar o coñecemento e acceso o mundo laboral e da empresa.

OBXECTIVOS DO CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO DE COMERCIO.

* Interpreta-lo marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona actividade comercial, tendo en conta os aspectos que son competencia da Xunta de Galicia.

* Aplica-los procesos de organización dun almacén, identificando as operacións fundamentais e os procedementos adecuados de traballo, tendo en conta a normativa de seguridade e hixiene na xestión do seu funcionamento.

* Aplica-las técnicas de merchandising, escaparatismo, deseño gráfico e outras actuacións de animación do punto de venda, analizando os seus efectos sobre o consumidor e utilizando materiais e equipos adecuados.

* Aplica-las técnicas de venda nos procesos de negociación e atención o cliente, identificando necesidades concretas e subministrando o trato adecuado ó tipo de cliente.

* Confeccionar, formalizar e rexistra-la información procedente da actividade comercial, realizando as operacións de cálculo necesarias.

* Desenvolve-los procesos básicos de xestión dun pequeno establecemento comercial, valorando técnicas que caracterizan o desenvolvemento e execución de programas de calidade total e elaborando, se é o caso, a correspondente documentación administrativa-comercial derivada do desenvolvemento da actividade.

* Interpretar e aplica-la terminoloxía comercial utilizada no sector, asociada a equipos e material, así como as actuacións concretas que se realicen habitualmente.

* Operar con programas informáticos na realización de tarefas de xestión administrativa-comercial, na almacenaxe e nos carteis no punto de venda.

* Interpretar e organiza-la información orixinada na actuación comercial.

* Expresarse de forma correcta nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma e noutra lingua estranxeira.

* Valora-la utilización do comercio electrónico como innovación na compravenda.

* Utiliza-las técnicas de comunicación adecuadas nas relacións comerciais e no contorno de traballo para transmitir e/ou recibir información de forma eficaz e organizada.

* Utilizar e valorar criticamente as canles e fontes de información relacionadas coa súa profesión que lle permitan ó alumnado o desenvolvemento da súa capacidade de autoaprendizaxe e lle posibiliten a evolución e a adaptación da súas capacidades ós cambios tecnolóxicos e organizativos do sector.

* Prepararse para inserción no mundo do traballo, tomando contacto cos mecanismos de inserción laboral e coñecendo o marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona a actividade laboral.

Obxectivos do Ciclo Superior de Administración de Sistemas Informáticos:

- *Seleccionar e utilizar fontes e recursos de información da organización e información técnica, interpretando e relacionando o seu contido coas características particulares da organización e o sistema informático actual para o deseño e desenvolvemento de aplicacións informáticas.*

- *Configurar e utiliza-los recursos de sistemas informáticos illados ou interconectados en rede para a realización e verificación de probas e o desenvolvemento de programas.*

- *Propoñer cambios na composición e configuración dos sistemas informáticos, así como nas aplicacións informáticas existentes no sistema para resolve-los problemas técnicos da implantación de novas aplicacións e responder ó rendemento e prestacións demandadas.*

- *Organiza-los recursos e o tempo dispoñible, establecendo prioridades nas súas actividades, actuando con orde e meticulosidade e valorando a transcendencia do seu traballo.*

- *Establecer un clima positivo de relación e colaboración co contorno, valorando a comunicación e o traballo en equipo como un dos aspectos máis esenciais na súa profesión.*

- *Utilizar con autonomía as estratexias e procedementos propios do seu sector, para tomar decisións fronte a problemas concretos ou supostos prácticos, en función de datos e informacións coñecidas, valorando os resultados previsibles que da súa actuación se puideran derivar.*

- *Aplicar procedementos de seguridade, protección, confidencialidade e conservación da documentación e información nos medios e equipos de oficina e informáticos para garanti-la*

integridade, uso, acceso e consulta destes.

- *Valora-la incidencia das novas tecnoloxías de comunicación e transmisión de información nos procesos administrativos e de xestión de empresas.*

- *Desenvolve-la iniciativa, o sentido da responsabilidade, a identidade e a madureza profesional que permitan mellora-la calidade do traballo e motivar cara ó perfeccionamento profesional.*

- *Valora-la importancia da comunicación profesional así como as normas e procedementos de organización nas relacións laborais, tanto de carácter formal como informal e a súa repercusión na actividade e imaxe da empresa ou organismo.*

- *Interpreta-lo marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona a actividade informática, identificando os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, adquirindo a capacidade de seguir e mellora-los procedementos establecidos e de actuar propoñendo solucións ás anomalías que se poden presentar neles.*

- *Seleccionar e valorar criticamente as diversas fontes de información relacionadas coa súa profesión, que lle permitan o desenvolvemento da súa capacidade de autoaprendizaxe e posibiliten a evolución e adaptación das súas capacidades profesionais ós cambios tecnolóxicos e organizativos do sector.*

5.- O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CENTRO.

(Véase documento independente que o contén)

6.- OFERTA DO CENTRO EN CANTO A ITINERARIOS EDUCATIVOS, OPTATIVAS, ACTIVIDADES E SERVICIOS.

1.Educación Secundaria Obrigatoria (ESO):

Na Educación secundaria obrigatoria o currículo comprenderá ademais das áreas obrigatorias, materias optativas que terán maior horario ó final da etapa. Con estas materias se pretende responder ós diferentes intereses, motivacións e necesidades do alumnado, amplia-la súa orientación , facilitar a súa transición á vida activa e contribuír ó desenvolvemento das súas capacidades, explicitadas nos obxectivos de etapa.

No primeiro ciclo da ESO predomina un currículo común, sendo reducido o espacio para as materias optativas. O centro ofertará obrigatoriamente a *Segunda lingua estranxeira (francés ou **inglés**)*, que o alumnado deberá cursar obrigatoriamente nos dos cursos. **Durante o primeiro ciclo o alumnado cursará preferentemente como optativa a segunda lingua estranxeira (francés ou inglés). No obstante, por razóns motivadas, o director ou directora do centro, por instancia dos pais ou nais e do titor do grupo, e logo do informe do departamento de orientación, poderá autorizar que se curse a materia optativa do ámbito científico-matemático ou a materia do ámbito lingüístico establecidas con carácter xeral para este ciclo.**

No segundo ciclo (3º e 4º) o centro ofertará as seguintes materias optativas:

- Segunda lingua estranxeira (francés).
- Cultura clásica.
- Técnicas expresión escrita.
- Ciencias medioambientais.

- Iniciación á informática.

Segundo a Administración, os centros deberán incluír unha segunda lingua estranxeira en toda a etapa e a cultura clásica polo menos nun curso do segundo ciclo.

En 3º da ESO o alumnado escollerá unha optativa e non poderá cursarse a mesma optativa durante os dous cursos, agás a segunda lingua estranxeira e a cultura clásica.

En 4º da ESO o alumnado deberá escoller catro materias, nas que dúas obrigatoriamente deben ser troncais e outras dúas poderán ser troncais ou optativas. As materias optativas son as indicadas máis arriba, as troncais son as seguintes:

- Bioloxía e xeoloxía.
- Física e Química.
- Tecnoloxía.
- Ed. Plástica e Visual.
- Música.

Os alumnos/as que aproban 4º obteñen o Título da ESO e poden acceder a:

- Mundo laboral
- Bacharelato
- Ciclos formativos

O alumnado que ten 16 anos ou que os cumpra no ano natural no que comeza o curso poderá seguir un Programa de diversificación curricular que lle permita, mediante unha metodoloxía e uns contidos axeitados ás súas características e necesidades, acada-los obxectivos xerais de etapa e, xa logo, obte-lo título da ESO. Neste centro, polo momento, estes programas constan de dous cursos académicos (3º e 4º da ESO).

2. Programas de Garantía Social:

O alumnado que non obteña o título da ESO ou que teña 16 anos (e non queira seguir cursando a ESO) pode acceder ós Programas de Garantía Social. Estes programas abarcan unha formación básica e profesional. A duración é dun ano académico na que combinan clases teóricas no noso centro (dous días á semana) e clases prácticas ó resto dos días (en talleres ou comercios da zona).

No noso centro o alumnado pode escoller entre as seguintes ramas profesionais:

- Auxiliar de dependente de comercio.
- Auxiliar de operario de construccións metálicas de aluminio.
- Auxiliar de reparación de automóbiles.
- Auxiliar de perruquería
- Auxiliar de puericultura .

O rematar o curso obteñen un Certificado no que constan as cualificacións e o número de horas de cada área cursada. A obtención deste certificado permítelles presentarse á proba de acceso para acceder ós ciclos medios, aínda que non teñan o requisito da idade (xa que é preciso para presentarse ter 18 anos).

3. Ciclo de Grao Medio de Comercio:

A este ciclo poden acceder o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- Teña o título da ESO
- Teña 2º BUP aprobado
- Teña superado a proba de acceso ós ciclos formativos medios para persoas maiores de 18 anos.

Este ciclo permite ó alumnado adquirir competencias para a comercialización de productos nas mellores condicións e administrar e xestionar un pequeno establecemento comercial.

A duración é de 1400 horas. O alumnado ó finalizar obtén o Título de Técnico en Comercio, que lle permitirá o acceso ó mundo laboral ou proseguir estudios no Bacharelato. No caso que queira realizar un ciclo superior, poderá presentarse á proba para acceder a este ciclo sen ter o requisito dos 20 anos.

4. Bacharelato:

O alumnado que ten o título da ESO poderá realizar os estudios de Bacharelato. Consta de dous cursos académicos. Neste centro impártense as seguintes modalidades:

- Modalidade de Ciencias Natureza.
- Modalidade de Humanidades.
- Modalidade de Ciencias Sociais.

As materias que cursan en cada modalidade agrúpanse en tres tipos: comúns, propias da modalidade e optativas. Estas materias correspóndense coas que establece a Administración educativa.

Tanto en primeiro como en segundo de Bacharelato o alumnado deberá elixir unha materia optativa entre as ofertas polo centro.

Ó alumnado que supere tódalas áreas obtén o título de Bacharelato, que lle permite acceder ó mundo laboral, a un ciclo formativo superior ou realizar estudios universitarios vinculados á modalidade de bacharelato cursada.

5. Ciclo formativo Superior de Administración e Sistemas informáticos:

Poderán acceder a este ciclo o alumnado que ten os seguintes requisitos:

- Título de Bacharel.
- Ter superado o segundo ciclo experimental da reforma de ensinanzas medias.
- Ter superado C.O.U.
- Posuí-lo título de Técnico Especialista, Técnico Superior.
- Estar en posesión dunha titulación Universitaria.
- Poden acceder aqueles que non reúnan os requisitos académicos e teñan cumpridos os 20 anos ou os cumpran no ano en que se realicen as probas. No caso de posuí-lo título de Técnico, o requisito de idade é de 18 anos.

O perfil profesional deste ciclo permite implantar, explorar e manter en requirimentos de baixo e medio nivel os sistemas informáticos nos que se apoia a xestión e administración da empresa, prestándolles soporte directo ou de primeira liña ós usuarios finais e aplicando e cumprindo os requisitos legais vixentes no sector.

A duración deste ciclo é de 2000 horas. O título que se obtén e Técnico Superior en administración de sistemas informáticos que permítelle acceder ó mundo laboral ou proseguir estudios universitarios.

7.- A COLABORACIÓN ENTRE OS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A colaboración entre os distintos sectores da comunidade educativa non constitúe un obxectivo desexable sen máis, senón a condición necesaria para entre todos conformarmos ese espacio comunitario no que unicamente pode ter lugar a educación.

As limitacións estructurais e operativas que padecen os actuais órganos de goberno regulamentarios fai que adoito funcionen tan só para lexitimar cerimonialmente decisións pechadas, elaboradas inxustificadamente noutras instancias, a miúdo externas ó centro.

Considérase unha prioridade, logo, favorecermos todas aquelas iniciativas tendentes a dotar de contido e facer efectiva a participación e o control democrático de todos na toma de aquelas decisións que afecten a vida e o futuro do centro.

Por outra banda, recoñécese nesta comunidade escolar asimétrica por mor da súa vertebración como servicio público e por estar integrada por grupos con moi diverso acceso ó coñecemento, un modelo real a escala das nosas sociedades do coñecemento altamente tecnificadas. A educación na procura de novas formas de control e participación política que esixe crecentemente o noso mundo ten neste marco o seu espacio natural de desenvolvemento.

Tódolos esforzos haberanse centrar, logo, na solicitude e aseguranza dunha comunicación fluída e eficaz entre os diversos sectores, que garanta o acceso á información necesaria para participar na toma das decisións colectivas, na medida das capacidades e responsabilidades de cada cal. A este respecto cómpre poñer en funcionamento, todos aqueles instrumentos e mecanismos que podan resultar útiles, como protocolos de consulta, ofertas e demandas de información e asesoramento, enquisas, requirimentos de estudio e elaboración de propostas conxuntas, calendarios de reunións cruzadas, etc.,

- Con relación ó **alumnado,** advírtese a necesidade de que dispoña de tempos e espacios propios para xestionar, así como de ámbitos de decisión suxeitos a súa responsabilidade. Á parte, pois, dun local e de tempo para se reunir, cómpre dotar de contidos positivos á Xunta de Delegados, solicitando regularmente a súa opinión sobre tódalas cuestións de interese xeral, fomentando o asociacionismo e propiciando a comunicación periódica cos outros sectores da comunidade educativa.

- Con relación ós **pais**, considérase importante rompe-la inercia que leva a restrinxi-la súa participación na vida do centro e a comunicación cos profesores, ó terreo dos intereses particulares e, xeralmente, por razóns negativas. Por isto, cómpre tamén aquí dar entrada á esta participación elaborando informes e convocando ós pais a xuntanzas periódicas nas que se lles informe sobre as distintas cuestións de interese xeral e se lles solicite a súa opinión. Por outra parte, pode resultar interesante implicar ós pais naqueles aspectos da educación dos seus fillos nos que poidan aporta-

la súa experiencia, por exemplo, na orientación profesional.

Con relación ó **persoal non docente,** semella conveniente insistir particularmente na súa pertenza á comunidade educativa, fomentando o coñecemento e a valoración do seu traballo, a comunicación cos outros sectores e informándolles e requirindo a súa opinión sobre os asuntos de interese xeral.

8.- FORMAS DE COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL COS SERVICIOS SOCIAIS E EDUCATIVOS DO CONCELLO E OUTRAS INSTITUCIÓNS.

As formas de colaboración abarcan varios frontes: ANPA, Concello, asociacións deportivas e culturais e empresas da localidade.

ANPA:
- Xestionase na matrícula do alumnado a recadación de cotas.
- Cédese o uso das instalacións para cursos e outras actividades: informática, técnicas de estudio, escola de pais e nais, ...
- Realízanse actividades conxuntamente: os departamentos de orientación e admistrativo-comercial participan con dita asociación nos "Programas de Accións e Estímulo da Formación Profesional do alumnado que remata estudios de ESO e Ciclos Formativos"
- En definitiva, trátase de integrar as nais e pais na vida do Centro: facendo recepción de pais e nais a principio de curso, reunións para solicitar novos ciclos formativos, novas ramas de bacharelato, ...

CONCELLO: as relacións son constantes durante todo o curso, e abarcan:
- **Alcaldía:** entrevistas para a solicitude de novos ciclos, novas ramas do bacharelato, peticións de subvencións para a realización de actividades extraescolares, transporte para o alumnado das aldeas que se quedan ó finalizar as actividades lectivas regradas, ás actividades extraescolares organizadas pola ANPA, ...
- **Asistente/a Social:** para o control das faltas de incorporación e ausencias prolongadas do alumnado de ensinanza obrigatoria.
- **Educador/a Social:** para a realización de charlas-colóquio sobre temas de interese social.
- **Animadores Deportivos e Culturais:** para ter informado o alumnado das actividades de esa índole que realiza o Concello e para xestionar a súa inscrición nas mesmas.

ASOCIACIÓNS CULTURAIS E DEPORTIVAS: As relacións céntranse na cesión das instalacións do Centro para a realización das actividades que lle son propias. Esperamos, no futuro, realizar actividades conxuntamente: xornadas de solidaridade, charlas-colóquio, ...

EMPRESAS:
- **Ciclo de grao medio de comercio:** o alumnado de este ciclo realiza prácticas de escaparatismo en diversos establecementos comerciais da localidade. E algúns deles fan tamén a FCT (Formación en Centros de Traballo) en ditos establecementos.
- **Programas de Garantía Social:** existen convenios de colaboración con empresas de varias familias profesionais, nos cales o alumnado realiza tanto a FCT (Formación en Centros de Traballo) coma a F.T.P. (Formación Tecnolóxico Práctica).
- ***Ciclo de grao superior de administración de sistemas informáticos:*** *o alumnado de este ciclo realiza a FCT (Formación en Centros de Traballo), tanto en empresas da zona, coma nas poboacións próximas: Ames, Noia, Mazaricos, Brión, Santiago de Compostela, etc.*